



Deputación  
DA CORUÑA

# Boletín de Medio ambiente

Nº 326

29/01/2025



## Descubre o percorrido, etapas e novidades de O Gran Camiño 2025

O pistoletazo de saída da nova edición de **O Gran Camiño 2025** será internacional. A primeira etapa da **proba ciclista máis importante de Galicia** arrincará en Portugal, especificamente con chegada e saída do Distrito do Porto, entre Maia e Matosinhos, trazando os seus propios Camiños de Santiago.

A proba, que este ano se desenvolverá **entre o 26 de febreiro e o 2 de marzo**, percorrerá catro provincias galegas e o norte de Portugal...

## Noticias

### Arteixo da un paso máis para crear a área verde máis grande do municipio

**Arteixo** deu un paso máis para levar a cabo o proxecto de creación da área verde máis grande do municipio.

O Concello contratará un **proxecto de obra** no que situará as **zonas verdes**, un parque infantil e pistas polideportivas ao aire libre que darán servizo aos veciños. Esta nova área verde virá complementar o recinto situado nas inmediacións do encoro de Meicende e servirá para **conectar peatonalmente diversas zonas** deste importante núcleo de poboación, xa que a área verde sitúase paralela á maioría das partes residenciais que conforman esta localidade de Pastoriza.

Máis Info

### Abegondo protexe ao peregrino cunha senda peonil que une os núcleos de Cos e Meangos

O Goberno local de Abegondo co apoio económico da Deputación, está a construírse unha **senda peonil** entre as parroquias de Cos e Meangos na vía DP-0105. En concreto, no treito que enlaza os lugares de Barral de Arriba e Ou Fontao. Existe un risco potencial para os camiñantes polo escaso ancho da beirarrúa actual. Para solucionalo optouse por unha **senda peonil de case dous metros de anchura** entre os dous núcleos rurais. Está previsto no proxecto a dotación dunha **nova rede de pluviais** cos seus respectivos pozos de rexistro, co obxectivo último de evitar inundacións da calzada en época de choivas.

Máis Info



## Arrincan as sesións formativas presenciais nos centros adscritos ao programa "Recíclate con Sogama" 2024-2025

Arrincan as **sesións formativas presenciais** nos **27 centros educativos** que este ano participan no programa Recíclate con **Sogama 2024-2025**, cuxo **obxectivo** é promover a reciclaxe nas aulas, así como a adquisición de boas prácticas vinculadas á xestión sostible dos residuos municipais, procurando que estas sexan extrapoladas aos fogares e contorna social do alumnado.

Tras unha primeira fase de diagnóstico relativa ao nivel de implantación do principio das tres erres (redución, reutilización e reciclaxe) en cada centro e unha segunda de dotación de recursos, tantos materiais como didácticos, monitores ao servizo de Sogama desprazaranse polos distintos colexios para **explicar**, apoiados por **vídeos, presentacións e xogos**, os pormenores da correcta xestión dos residuos producidos cada día e que facer cos mesmos en función das súas características para que poidan ser recuperados. Desta forma, insístitase no contedor de destino para cada tipo de refugallo, xesto indispensable para garantir o seu posterior reciclado.

Máis Info

## É barato cargar un coche eléctrico? Todo o que debes saber

Cando falamos da transición cara á mobilidade eléctrica, un dos aspectos que máis preocupan aos potenciais compradores é o **custo de cargar un coche eléctrico**. Aínda que é certo que o prezo da electricidade é xeralmente máis baixo que o dos combustibles fósiles, existen outros factores que inflúen no custo total de recárgaa e que merecen ser considerados.

O custo por quilómetro percorrido nun coche eléctrico adoita ser inferior ao dun vehículo de combustión interna, a realidade é moito máis complexa. **O custo total de cargar un coche eléctrico depende de diversos factores**, como a tarifa eléctrica, a potencia do punto de carga, a capacidade da batería ou os incentivos gubernamentais.

Máis Info

## A Comisión Europea abre a convocatoria para os premios Capital Verde Europea e Folla Verde 2027

A Comisión Europea lanzou a **convocatoria de 2027 dos premios Capital Verde Europea e European Green Leaf**, que volverán recoñecer os esforzos das cidades europeas por **reducir o seu impacto ambiental local e global**, á vez que melloran a calidade de vida dos seus habitantes e inspiran a outras urbes. O **prazo** para presentar **candidaturas** permanecerá aberto ata o **próximo día 15 de abril**.

Por unha banda, a distinción de **Capital Verde Europea** diríxese a cidades **de máis de 100.000 habitantes** e a edición de 2027 outorgará un premio de 600.000 euros á gañadora. Doutra banda, **o premio European Green Leaf**, destinado a municipios de **entre 20.000 e 99.999 habitantes**, terá dous gañadores e concederá 200.000 euros a cada un.

Os **premios económicos** apoiarán as cidades gañadoras na implementación de iniciativas para mellorar o seu desempeño ambiental e a súa interacción coa cidadanía, especialmente durante 2027. Ademais, as **gañadoras uniránse** a unha **rede de cidades** en constante crecemento para compartir experiencias e inspirar a outras urbes para seguir o seu exemplo. Todas as solicitantes recibirán **comentarios personalizados sobre as súas solicitudes**.

Máis Info

## Sabías que...

O proxecto 'Humidal Viladesuso', impulsado por Hijos de Rivera, Viaqua e o Concello de Betanzos (A Coruña) para **mellorar a calidade da auga do encoro de Cecebre** que abastece á Coruña e boa parte da comarca, "aplicando solucións baseadas na natureza", poñerá **en marcha a finais de 2025**, xa que o inicio das obras -cun prazo de execución de seis meses- está previsto para xaneiro ou febreiro.



# Mestura informativa

## RECEITA ECOLÓXICA: Castañas cocidas en leite

**Ingredientes:** 1 cunca de castañas, 500 ml de leite, herba das castañas, 1 cullerada de azucre (opcional).

Poñemos as castañas **peladas e secas** nunha olla, e engadímo-lles a herba das castañas. Cubrímolas con leite e cocémolas uns 20 ou 30 minutos. Cando estean brandas, retirámolas do lume e poñémolas nunha cunca. **Esmagamos as castañas cun garfo**, botamos máis leite e azucre, e xa as teremos.

As castañas teñen unha **composición nutricional moi parecida á dos cereais**. Son ricas en hidratos de carbono complexos, a fonte de enerxía máis importante na nosa dieta, que **axudan a manter os niveis de azucres equilibrados** e, diminúen a sensación de fame durante máis tempo.

## Como os cans melloran a vida de pacientes psiquiátricos: o proxecto solidario da USC

A Escola Universitaria de Enfermaría e a Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo traballan de xeito conxunto para **mellorar o benestar de pacientes con patoloxías psiquiátricas**.

O **obxectivo principal** do proxecto consiste en **avaliar a redución da tensión e da ansiedade**, a mellora do estado de ánimo, fomentar a estimulación social e emocional, o aumento da motivación e da autoestima, así como reducir o illamento deste tipo de pacientes, a través da **intervención asistida con cans**. Ademais, a devandita intervención aspira a avaliar a mellora da calidade de vida, benestar e fomentar a adopción de cans da protectora. O proxecto estrutúrase en dous grupos: por unha banda, hai un **control** que intervén nos obradoiros habituais do hospital; mentres que, pola outra, existe un **grupo experimental** no que se desenvolve a intervención asistida con cans...

Máis info

## O primeiro pan protexido de Europa elabórase nun pobo de Galicia: "A vila do bo pan"

A oferta gastronómica de Galicia abarca desde increíbles mariscos, carnes e peixes ata o pan galego. Este ingrediente é esencial en todas as mesas galegas. Son **varios os tipos de pan en Galicia** que son recoñecidos pola súa calidade e o seu sabor único, pero existe un que é o primeiro pan de Europa en obter a **indicación xeográfica protexida (IGP)**, denominación que se lle outorgou en febreiro 2005.

O **pan de Cea** é un emblema e un dos máis famosos en Galicia. Este produto elabórase de forma artesanal desde o século XIII nos fornos da vila de San Cristovo de Cea (Ourense) mediante un **proceso tradicional** que comeza co amasado de fariña, auga, sal e masa nai. Durante todo o proceso só poden utilizarse utensilios de **madeira, forno de pedra** queantado previamente por **leña nobre** e sen usar cámaras de fermentación. Todo este coidadoso método asegura a calidade e autenticidade do pan de Cea, o que lle levou a conseguir hai xa 20 anos a Indicación Xeográfica Protexida.

Máis Info

## Galicia será o territorio con máis probas da World Surf League do mundo este 2025

Galicia presentouse en Fitur como un destino **referente no surf internacional**. O campionato **Abanca Pantín Classic Galicia Pro**, embaixador deste deporte no territorio galego, presentou en Madrid a súa programación para o 2025 ademais da celebración de tres novas probas. Ao xa recoñecido Pantín Classic súmanse en augas galegas o **Surf Festival Ferrol**, no que tamén terá lugar un campionato en modalidade Longboard e un Júnior, e o **Cabreiroá Junior Pro Razo**. Con estes dous novos torneos, **Galicia é o territorio que axunta máis probas do circuito da World Surf League (WSL) do mundo**.

Máis Info



# Boas Prácticas

## Zaragoza impulsa a recollida de residuos téxtiles e participará nun proxecto piloto nacional

Zaragoza foi seleccionada para desenvolver ao longo deste ano un **proxecto piloto sobre xestión de residuos téxtiles**. Trátase dunha iniciativa impulsada pola Federación Española de Municipios y Provincias e RE-VISTE (Asociación para a xestión do residuo téxtil e o calzado) co obxectivo de **definir as características dun servizo de recollida** deste tipo de residuos.

Zaragoza é a única gran cidade que vai participar nesta iniciativa, para a que tamén foron seleccionadas Rubí (Barcelona), San Miguel de Abona (Tenerife), Trujillo (Cáceres), Titulcia (Madrid) e Arbo (Pontevedra). Escolléronse seis municipios representativos das diferentes contornas sociodemográficas (dous urbanos, dous rurais e dous semiurbanos) para avaliar a efectividade e operatividade e poder fixar sistemas adaptados a cada tipoloxía de municipio.

Máis Info

## A Mancomunidade da Comarca de Pamplona recolleu 147.353 toneladas de residuos en 2024, un 2,1% máis que o ano anterior

A Mancomunidade da Comarca de Pamplona recolleu durante **2024** un total de 147.353 Tm de residuos, o que supón un aumento do **2,1%** respecto a **2023**, segundo datos provisionais. O incremento está vinculado o **crecemento demográfico** da Comarca (1,14% respecto a 2023) e a unha satisfactoria situación económica que causou unha **maior actividade** en todos os sectores.

Cabe sinalar que en 2024 a **media de xeración de residuos por habitante foi de 379 kg/hab/ano**, o que supón un incremento do 0,8% respecto á media de 2023 que foi de 376 kg/hab/ano.

Máis Info

## Xunta de Galicia impulsará a cooperación municipal para avanzar cara a unha economía circular na xestión de residuos

A Xunta de Galicia **asesorará en materia de residuos ás entidades municipais** para facilitar a cooperación entre administracións co obxectivo de avanzar cara a unha economía circular.

Durante a clausura da xornada de presentación das axudas para 2025 en materia de residuos municipais, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, avanzou a posta en marcha dunha **oficina específica de asesoramento técnico especializado en materia de residuos municipais para axilizar os trámites e facilitar a relación das diferentes entidades coa Xunta e avanzar na sustentabilidade**, na economía circular e na protección ambiental.

Máis Info

## Axenda Ambiental

- 📌 O Aquarium Finisterrae celebra a **VII Feira de Ciencia Isabel Zendal**, xornada divulgativa e oportunidade de explorar o fascinante mundo da ciencia a través de catorce talleres interactivos. Sábado 1 de febreiro.
- 📌 Taller Explorando os ecosistemas para familias con nenos/as de entre 5 e 11 anos con TEA (con Trastorno do Espectro Autista). 1 de febreiro. Real Xardín Botánico, CSIC. Praza de Murillo, 2. Madrid.

Ver Boletíns anteriores

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

Email: [medioambiente@dacoruna.gal](mailto:medioambiente@dacoruna.gal)